

Escola Superior de
Enxeñaría Informática

Informe final

2014-2015



Plan de Acción Tutorial

Táboa de contidos

| | |
|--|-----------|
| Presentación..... | 3 |
| Cumprimento da planificación e seguimento do PAT..... | 3 |
| Fichas de seguimento | 5 |
| Cuestionarios de satisfacción | 7 |
| Avaliación dos indicadores..... | 9 |
| Consecución dos obxectivos | 10 |
| Melloras a introducir para o curso 2015-2016..... | 11 |

Presentación

O informe final do PAT é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo.

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar produtos, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da excelencia da educación. De acordo a isto establécese o seguinte tipo de avaliación: **Avaliación procesual, formativa e criterial.**

Neste documento se presenta a valoración global das accións realizadas. Se analiza o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

Nas seguintes fichas reflíctense os datos facilitados polos/as titores/as participantes no PAT.

| Ficha para a Avaliación do PAT | | | | | |
|--|--------------------|-----------------------------|---------------------------|--|------------------|
| Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado | | | | | |
| Bloque O: Organización | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha X) | | | Xustificación | Nº de Asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveus e Parcialmente | Desenvolveus e Totalmente | | |
| Sesión de Organización-Presentación | | | X | Desenvolveuse con total normalidade. Nun grupo do PAT fíxose con retraso debido a un permiso de paternidade do profesor correspondente | 7 profesores/as |
| Reunión Alumnos-Titores | | X | | Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións. Nos outros, desenvóléronse con normalidade, cubrindo as fichas correspondentes. | 58 |

| | | | | | |
|-----------------------------------|--|---|---|--|-----------------------------|
| Asesoramento Seguimento Continuo | | X | | Desenvolvéronse con normalidade con todo o alumnado que o solicitou | 28 |
| Análise-Avaliación Parcial do PAT | | | X | Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos/as titores/as e a coordinadora do PAT. | 1 coordinadora 7 titores |
| Análise-Avaliación Final do PAT | | | X | Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos/as titores/as e a coordinadora do PAT. Os cuestionarios de satisfacción do alumnado foron solicitados via email (non houbo resposta do alumnado) | 1 coordinadora 7 titores |

Bloque 1: Acolida

| Actividade | (Marcar cunha X) | | | Xustificación | Nº de Asistentes |
|--------------------|--------------------|----------------------------|--------------------------|--|------------------|
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Sesión Informativa | | | X | Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos os implicados | 100 |

Bloque 2: Planificación

| Actividade | (Marcar cunha X) | | | Xustificación | Nº de Asistentes |
|---|--------------------|----------------------------|--------------------------|--|------------------|
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Reunión Grupal | | X | | Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións. | 58 |
| Reunión Individual de seguimento | | - | | Eliminada do PAT | |
| Entrevista Individual | | - | | Eliminada do PAT | |
| Toma de Decisións Que facer ao finalizar o curso? | | X | | Escasa participación do alumnado | 12 |
| | | | | | |

Bloque 3

| Actividade | (Marcar cunha X) | | | Xustificación | Nº de Asistentes |
|------------------------|--------------------|----------------------------|--------------------------|---|------------------|
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Atención á Diversidade | X | | | Non se detectou ningún tipo de necesidade específica de apoio educativo | 0 |

Conclusións

- A asistencia por parte do alumnado foi escasa nas últimas reunións do presente curso académico, pero mellorou en relación co ano anterior.
- Aínda que a valoración por parte do alumnado do PAT é boa, non asisten ás reunións ás que son convocados. Unha parte do estudiantado non asistiu nin sequera á primeira reunión.

O PAT está orientado e planificado para o alumnado de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Informática, distribuídos en varios grupos, supervisados polos/as tutores/as, así coma para os/as alumnos/as extranxeiros/as, supervisados/as por un/ha único/a tutor/a, que é o/a encargado/a de facilitarlles a súa estadía no Centro.

| Ficha para a Avaliación do PAT | | | | |
|--|-----------------|-----------|----------|---|
| Análise Final de Seguimento (media) dos implicados | | | | |
| Ítem | (Marca cunha X) | | | Xustificación |
| | Empeorou | Mantívose | Mellorou | |
| Asistencia media do alumnado ás sesións de organización: 4 | -- | x | -- | O alumnado amosou escaso interese polo PAT, pero foi igual á do ano anterior |
| Asistencia media do alumnado ás sesións de acollida: 100 | -- | -- | x | Todo o alumnado asistiu |
| Asistencia media do alumnado ás sesións de formación: 6 | x | -- | -- | Non houbo problemáticas que resolver |
| Asistencia media do alumnado ás sesións do PAT: | x | -- | -- | Aínda que o número medio de asistentes se mantén, houbo grupos nos que nunca asistiron estudantes a ningunha reunión. |
| Número de reunións sen asistencia de alumnado: | x | -- | -- | Outros grupos non funcionaron de modo óptimo e deixaron de ter asistencia despois da segunda reunión |
| Conclusións | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> • O alumnado, unha vez está integrado no Centro, deixa de asistir ás reunións planificadas do PAT. • Sen embargo, naqueles casos nos que o alumnado teña algún tipo de problema, solicita axuda ao profesorado tutor. • En moitas reunións non se presentou ningún/ha estudante. • En ocasións, os/as alumnos/as empregan outros medios diferentes á presencialidade para enviar os cuestionarios de reunións ou comentarios aos/as tutores/as, especialmente o correo electrónico. | | | | |

Fichas de seguimento

As fichas de seguimento foron cubertas polos/as coordinadora/tutores/as en cada reunión realizada e nelas se reflicten as dificultades e problemas detectados no desenvolvemento do curso académico.

| Análise xeral das fichas de seguimento |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • A través das sesións informativas do PAT o alumnado de novo ingreso dispón dun mecanismo que lle permite coñecer aspectos da vida universitaria. • O PAT permite resolver algunhas dúbidas/preguntas expostas con respecto a temas administrativos/académicos. |

- Foron poucos os problemas ocasionados por factores externos á aprendizaxe.
- En ocasións as consultas foron realizadas polos/as alumnos/as vía correo electrónico.
- Na maior parte dos/as estudantes detectouse falta de organización e planificación no estudo.
- Un problema que segue preocupando ao alumnado son as datas de resolución das adaptacións e recoñecementos da Universidade, incompatibles en ocasións cos prazos de matrícula e das bolsas de estudos.

Dificultades, queixas, suxerencias e problemas detectados

De carácter xeral

- o O alumnado que non se matricula nos primeiros prazos ten dificultades para incorporarse aos grupos de traballo e para a realización dos traballos dos mesmos.
- o Unha parte do alumnado ten recoñecemento automático dalgunhas materias, o cal se reflicte en que non asisten ás clases da devandita materia, atopando despois problemas no estudo das materias que son continuación desta.

Relacionados co proceso de ensino/aprendizaxe das materias

- o Relacionados coa **aprendizaxe dalgunhas materias**:
 - Dificultade de parte do alumnado do PCEO EI-ADE para a aprendizaxe da materia de Estadística, dado que no Grao en Enxeñaría Informática está en segundo curso, pero para eles é de primeiro.
 - Dificultade, por parte dos/as estudantes procedentes de ciclos de FP, para seguir as materias de Matemáticas.
 - Dificultade, por parte dos/as estudantes procedentes de Bacharelato, para seguir as materias de Programación.
 - Ma materia de Sistemas Dixitais hai descoordinación entre os contidos teóricos e os prácticos.
 - Dificultade nalgúns grupos para a aprendizaxe da materia de Programación II, dado que nalgúns grupos hai moito alumnado repetidor, e pensan que estes parten cunha certa vantaxe á hora de realizar o traballo na clase.

Do propio PAT

- En xeral, houbo moi pouco aproveitamento por parte do alumnado do PAT: asisten ás reunións ás que se lles convoca, pero non por iniciativa propia, aínda que en ocasións se solicitou axuda vía correo electrónico.
- O profesorado titor dubida dos beneficios que poida proporcionar o PAT, dado que o alumnado asistente é moi escaso, e iso provoca frustración nos/as docentes. Indican que a asistencia varía moito en función do grupo que sexa, influíndo enormemente o grao de madurez do alumnado.
- Nas reunións, parte do alumnado realiza ás veces afirmacións que non se xustifican.

Cuestionarios de satisfacción

Os cuestionarios de satisfacción foron cubertos polo alumnado. A continuación amósanse os resultados obtidos en cada unha das cuestións.

1. Valora a documentación e a información previa ofrecida do PAT

| | |
|-----------------|--------|
| <i>Moi Mala</i> | 11.76% |
| <i>Mala</i> | 17.65% |
| <i>Boa</i> | 70.59% |
| <i>Moi Boa</i> | |

2. A valoración que che merece a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é:

| | |
|-----------------|--------|
| <i>Moi Mala</i> | 5.88% |
| <i>Mala</i> | 11.76% |
| <i>Boa</i> | 76.48% |
| <i>Moi Boa</i> | 5.88% |

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

| | |
|-----------------|--------|
| <i>Nada</i> | 5.88% |
| <i>Pouco</i> | 23.53% |
| <i>Bastante</i> | 52.94% |
| <i>Moito</i> | 17.65% |

4. Valora o grao de utilidade do PAT.

| | |
|-----------------|--------|
| <i>Nada</i> | 5.88% |
| <i>Pouco</i> | 35.29% |
| <i>Bastante</i> | 47.06% |
| <i>Moito</i> | 11.76% |

5. Resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

| | |
|--|--------|
| <i>Si</i> | 70.59% |
| <i>Non</i> | 29.41% |
| <i>¿Por qué?</i> | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Creo que me ayudó a comprender la carrera un poco más. • Porque é útil para aclarar dúbidas, sobre todo ao principio que un pode andar algo perdido. • Porque recibo ayuda y orientaciones en el desarrollo de mis estudios • Solo hemos realizado una reunión y en las siguientes, aun habiendo avisado de que no podía asistir, ni se me dio ninguna opción para cambiarla de día o siquiera consultar si estabamos disponibles. • Porque a través da resolución das dúbidas que o alumnado teña pódese acadar unha solución sinxela que mellore o rendemento persoal de un ou varios alumnos. | |

6. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?.

| | |
|---|--------|
| Si | 47.06% |
| Non | 52.94% |
| <p><i>¿Por qué?</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • No fueron en plena época de exámenes pero tampoco muy alejado de las mismas fechas, por lo que, si tuvimos algun problema, pudimos solucionarlo. • Considero que a primeira, cando comezamos, e despois a comezos do segundo cuatrimestre son datas precisas para un correcto seguimento, pero voto de menos unha data antes dos exames finais do segundo cuatrimestre. • porque las actividades no presentaban ninguna incompatibilidad con el horario normal del las clases. • Nos coincidieron varias tutorias con un examen. • Algunhas coincidían con momentos antes dalgún exame. • Algunas fechas me coincidían con clases o trabajos y el tutor no hizo nada por ajustar nuestros horarios de manera que el y nosotros pudiesemos asistir. • Porque algunhas coincidiron con exames parciais. | |

7. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?.

| | |
|---|--------|
| Si | 70.59% |
| Non | 29.41% |
| <p><i>¿Por qué?</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Máis ou menos, como xa expliquei anteriormente. • Expongo que no fue adecuada porque realmente las tutorías solo eran posibles cuando a nuestro tutor les parecía bien realizarlas. • Porque o alumnado pode expoñer os seus “problemas” diante de todos os seus compañeiros. | |

8. Consideras axeitado o sistema de seguimento?.

| | |
|--|--------|
| Si | 64.70% |
| Non | 35.30% |
| <p><i>¿Por qué?</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Simple e efectivo • Nuestro tutor solo intentó realizar 3 tutorias, la de presentación, una a mitad de curso, la cual no pude asistir y aun habiendo informado al tutor de que no podía asistir, no me respondió a mi mensaje ni intentó cambiar el día de la tutoría • Porque se basea simplemente en realizar reunións co alumnado cada x tempo. | |

10. Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos:

| | Moi mal | Mal | Ben | Moi ben |
|-----------------------|---------|-------|--------|---------|
| Metodoloxía empregada | 5.88% | 5.88% | 76.48% | 11.76% |

| | | | | |
|-------------------------------------|--------|--------|--------|--------|
| <i>Desenvolvemento dos contidos</i> | 5.88% | 11.76% | 70.59% | 11.76% |
| <i>Claridade da exposición.</i> | 5.88% | 23.53% | 41.18% | 29.41% |
| <i>Atención persoal aos alumnos</i> | 11.76% | 11.76% | 29.41% | 47.06% |
| <i>Aclaración de dúbidas</i> | 11.76% | 11.76% | 35.29% | 41.18% |

11. Qué eliminarías do PAT?

- Que se permita non asistir a la gente.
- Considero que nas reunións que tiveron non se trataron temas superfluos.
- De momento non eliminaría nada
- Pues lo mas inadecuado del PAT me ha parecido mi tutor, no se ha interesado lo más mínimo por nosotros este curso.
- As continuas reunións entre os alumnos e o titor.

12. Que engadirías?

- Que fuese obligatorio ir.
- Non se me ocorre nada.
- Que se aumentara máis los días del PAT al menos dos a tres veces en en lo que dura un cuatrimestre, para saber y conocer más de cerca la evolución y las dificultades del alumno.
- Un tutor que si se interesase por los alumnos a lo que pretende aconsejar y ayudar
- Avisos das diferentes actividades/reunións con bastante antelación, xa que a moitas moitos alumnos non podemos asistir polos avisos con pouca antelación.

13. En que grao a titulación Grao en Enxeñaría Informática responde ás túas expectativas?

| | |
|-----------------|--------|
| <i>Nada</i> | 5.88% |
| <i>Pouco</i> | 29.41% |
| <i>Bastante</i> | 35.29% |
| <i>Moito</i> | 29.41% |

Conclusiones

- O número de alumnos/as que participaron no PAT é moi reducido, aínda que non diminuíu en relación ao curso anterior.
- Parece que a asistencia vaise reducindo a medida que transcorre o curso académico, polo que resulta evidente que as reunións prefixadas do PAT son necesarias tan só ao principio do curso ou cuadrimestre, para poñer de relieve posibles problemas.
- Cando o alumnado está integrado, solicita reunións cando o considera necesario, dado que o profesorado titor está á súa disposición durante todo o ano académico.
- O alumnado non se responsabiliza da necesidade de participación activa nas reunións. Por exemplo, solicitan cambios de horario das mesmas, e cando se realizan non asisten.

Avaliación dos indicadores

| Ficha para a Avaliación do PAT | | | | |
|--|-----------------|-----------|----------|--|
| Avaliación dos Indicadores | | | | |
| Indicador | (Marca cunha X) | | | Xustificación |
| | Empeorou | Mantívose | Mellorou | |
| Alumnos matriculados de novo Ingreso: 116 | | X | -- | O anterior curso foi de 107. Cúbreanse todas as prazas ofertadas. O incremento débese tamén ao alumnado do PCEO EI + ADE |
| Alumnos matriculados totais no centro: 567 | | X | -- | O anterior curso foi de 587, moi similar. |
| Egresados (2013-2014): 19 | | | X | O curso 2012-2013 foi de 17. |
| Taxa de Graduación (2013-2014): 27.71% | -- | -- | -- | O curso anterior non había datos dispoñibles. |
| Taxa de Abandono (2013-2014): 5.13% | | | X | O ano anterior foi de 13.19%. Reduciuse, por tanto, en máis dun 8% |
| Taxa de Eficiencia (2013-2014): 83.75% | X | -- | -- | O curso anterior foi de 93.19% |
| Nº de Alumnos Enviados en Programas de Mobilidade: 9 | X | | | O ano anterior foron 13. |
| Nº de Alumnos Recibidos en Programas de Mobilidade: 11 | | | X | O ano anterior foron 9. |
| Taxa de Inserción Laboral: non dispoñible | -- | -- | -- | Datos non dispoñibles |
| Conclusións | | | | |
| En termos xerais, os datos mantivéronse en relación co ano anterior. | | | | |

Consecución dos obxectivos

| Ficha para a Avaliación do PAT | | | | |
|---|-----------------|----------------------|---------|-----------------------------|
| Grao de Consecución dos Obxectivos | | | | |
| Obxectivos Xerais | | | | |
| Obxectivo | (Marca cunha X) | | | Xustificación |
| | Non Logrado | Parcialmente logrado | Logrado | |
| Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola universidade. | | X | | Escaso interese do alumnado |

| | | | | |
|---|--|---|---|--|
| Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-titor. | | | X | |
| Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria. | | X | | Escaso interese do alumnado, aínda que hai mais representación de alumnado de 1º curso na Xunta de Centro |
| Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar.... | | | X | |
| Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo. | | | X | Salvo excepcións, non houbo problemas de traballo en grupo. Organizouse tamén un taller para cubrir esta necesidade para o alumnado de 1º curso. |
| Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo. | | X | | |
| Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo. | | X | | |
| | | | | |

Conclusiones

- Os logros non foron sempre os esperados.

Ficha para a Avaliación do PAT

Grao de Consecución dos Obxectivos

Obxectivos Específicos

| Obxectivo | (Marca cunha X) | | | Xustificación |
|--|-----------------|----------------------|---------|---|
| | Non Logrado | Parcialmente logrado | Logrado | |
| Mellorar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro. | | X | | O calendario electoral da Universidade non permite que neste momento haxa representantes de 1º de Grao. |
| Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida. | | | X | En xeral, o alumnado está satisfeito coa formación recibida. |

| | | | | |
|--|----|----|----|---|
| Reducir a taxa de abandono. | | | x | A taxa diminuíu máis de 8 puntos sobre 100. |
| Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos. | | | X | Nos últimos anos, impártense talleres de traballo en grupo e de Informática básica para o alumnado de primeiro curso. |
| Fomentar a inserción laboral dos alumnos... | -- | -- | -- | Non dispoñible |
| Aumentar a taxa de graduación | -- | -- | -- | Non se teñen datos do curso anterior. |
| Aumentar a taxa de eficiencia | | x | | Disminuíu con respecto ao curso anterior, pero segue a ser elevada. |
| Conclusións | | | | |
| Cumpríronse parcialmente os obxectivos. Sigue sendo preciso mellorar a implicación dos estudantes na xestión do Centro. | | | | |

Melloras a introducir para o curso 2015-2016

- Coordinación do PAT da ESEI co da FCETOU para facilitar a integración do alumnado do PCEO EI+ADE.
- Planificación da reunión inicial co profesorado titor nas xornadas de acollida para tratar de aumentar a asistencia ás reunións posteriores.